

B9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.

B9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.

Proceso de integración europeo

La formación de la Unión Europea




Gráfico:
Abel Gil Lobo (2018)




1. Consulta as páxs. 302 a 304 do teu libro de texto e a seguinte ligazón https://europa.eu/european-union/about-eu/history_es e elabora un eixe cronolóxico indicando os principais feitos históricos de cada década relacionados co proceso de construción da Unión Europea, Tratados, ampliacións e acontecementos políticos ou socioeconómicos relevantes para entender o contexto deste proceso.

2. Consulta a seguinte ligazón https://europa.eu/european-union/about-eu/institutions-bodies_es e completa unha táboa como a seguinte:

Institucións da UE	Ano de creación	Sede	Composición	Funcións
Comisión europea				
Consello da UE				
Consello europeo				
Parlamento				
Banco Central Europeo				

3. Un debate recorrente con respecto á Unión Europea é o do "déficit democrático". Le o seguinte artigo <https://www.lamarea.com/2018/06/12/la-marea-europa-deficit-democratico-o-deriva-autoritaria/>, pescuda en internet un artigo ou ensaio que recolla unha postura que defenda a calidade democrática das institucións europeas (pega a ligazón) e saca as túas conclusións. Redacta un pequeno ensaio argumentando a túa opinión ao respecto.

B9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90



4. Fai as seguintes actividades:

- Despois de consultar o teu libro de texto (páxs. 301 e 362 a 365) completa unha táboa como a seguinte cos feitos máis relevantes dos mandatos destes presidentes norteamericanos (ademais do libro de texto podes pescudar en internet):

Presidentes EUA	Partido	Inicio/fin mandato	Política interior	Poltica exterior	Economía	Sociedade
John F. Kennedy						
Lyndon B. Johnson						
Richard Nixon						
Gerald Ford						
Jimmy Carter						
Ronald Reagan						
George H.W. Bush						
Bill Clinton						

5. Despois de ver o seguinte vídeo <https://youtu.be/PstCduStdFc> fai as seguintes actividades:

- Busca información sobre Noam Chomsky e escribe un breve perfil biográfico (10 liñas máximo).
- De que acusa nesta entrevista aos presidentes estadounidenses da segunda metade do século XX e principios do XXI? Escolle un dos exemplos que pon Noam Chomsky, fai unha pescuda en internet para ampliar información (consulta alomenos 3 páxinas web) e redacta un pequeno informe (media cara dun folio máximo) sobre o mesmo.
- Que presidente se salta Chomsky? Por que cres que o fai? Consulta a páxina 364 do teu libro de texto e indica que golpe de estado apoiou en latinoamérica, a continuación fai unha pescuda en internet sobre o mesmo e explica a súa importancia na aplicación da "axenda neoliberal" e quen foron os "Chicago boys". Podes consultar a seguinte [ligazón](#).

B9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.

B9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.

6. Despois de ler as páxinas 298 a 300 do teu libro de texto, le o seguinte artigo https://www.eldiario.es/theguardian/Neoliberalismo-raiz-ideologica-problemas_0_511299215.html e visualiza o seguinte vídeo https://youtu.be/7_UI8aJVFrk (desde o minuto 27). Podes consultar outras fontes.

- Despois elabora unha composición na que expliques a evolución do capitalismo desde a posguerra ata a crise de 2008. Na túa redacción deberías tratar os seguintes puntos:
- Os "trinta gloriosos" ou os "anos dourados do capitalismo" (1950-80):
 - Orde económica saída de Bretton Woods
 - Consenso de posguerra (dp de 1945) en torno as receitas de J.M. Keynes.
 - O Estado do Benestar. Redución das desigualdades e crecemento económico.
- Decadencia e estancamento dos 70 e 80. O derrumbe do keynesianismo.
 - Cuestionamento do Estado de Benestar nos países anglosaxóns e imposición da "axenda neoliberal". Reagan e Thatcher.
- Inicio da "era neoliberal" coa caída do muro de Berlín e o colapso da URSS.
 - A globalización neoliberal,
- A partir dos documentos propostos trata de explicar coas túas palabras a que se refire T. Piketty con "capitalismo domesticado"; en que consiste a "doutrina do shock" de Naomi Klein; por que se di que o obxectivo das políticas neoliberais é impoñer a disciplina do capital sobre o traballo; por que o autor do artigo di que o neoliberalismo é unha doutrina "zombie" desde 2008.